

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE AGOSTO 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/002311

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e en cumprimento do acordo plenario de organización da corporación local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar **sesión ordinaria** do Pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves, día 29 de agosto de 2019 ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

ORDE DO DÍA:

A) PARA DAR CONTA:

- 1.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.
- 2.- Dación de conta da Información periódica a render ao Pleno, correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2019.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

- 3.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 30 de xullo de 2019).
- 4.- Festivos locais 2020.
- 5.- Aprobación da 2ª fase do POS Adicional 1/2019.
- 6.- Suplemento de crédito 1/2019.

C) MOCIÓNS.

D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

- 7.- Rogos e Preguntas.

Segundo.- Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que haberán de tratarse na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo